



Concello do Carballiño

RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS SUBVENCÍONS CLUBS E DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

D. Francisco José Fumega Piñeiro, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello do Carballiño,

Vista a proposta da Concelleira de Deportes do Concello do Carballiño no que literalmente di:

“Publicadas as bases para a concesión de axudas para deportistas de alto nivel contidas no expediente 6843/2021 visto que non sendo publicadas nos dous exercicios anteriores (2019 e 2020) pero habendo competicións deportivas estes dous anos, nas cales deportistas da vila do Carballiño participaron non obtendo ningunha axuda para este fin e co obxecto de que ningún deportista da vila quede discriminado para obtención destas axudas e observado este feito cando as bases xa foran publicadas previamente.

Polo tanto:

PROPOÑO

1º - Ter en conta os méritos deportivos así como gastos derivados da actividade dende o 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2021 en lugar do que ven expresado nas bases publicadas que vai dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 1 de novembro de 2021.

2º – Dar conta deste feito á Alcaldía deste Concello do Carballiño para que dite unha resolución emendando este erro na publicación das bases para axudas a deportistas de alto nivel para o presente exercicio 2021 publicadas no BOP de 14 de decembro do presente ano.

3º - Publicar as bases modificadas no BOP e na BDNS.”

polo tanto

DISPOÑO:

1. Que na Base segunda, cuarta e sexta onde pon: “1 de xaneiro de 2020 debe por 1 de decembro do 2019”.

2. Advocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto.

3. Darlle publicidade ás citadas bases na BDNS e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Decreta, manda e asina, o Alcalde, na casa do Concello do Carballiño, do que eu, secretario dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.-



Cod. Validación: 9CK2F7RAKXNA6E7NPN27SCJW | Corrección: <https://carballino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1